


Fillas de Cassandra publica mañá, venres 12, o seu novo sinxelo, nomeado *d'ESCARNIO*, “un ritual para desfacerse da ira”

A creación electrónica do dúo vigués é un canto que se sitúa “entre a sátira e a introspección”, e que pretende dar conta “do proceso que supón deixar atrás a furia e os dixomedíxomes”



Sara Faro e María SOA son Fillas de Cassandra © Candela Lora

Vigo, 11 de xullo de 2024.- Fillas de Cassandra publicará este venres, 12 de xullo, o seu novo sinxelo, nomeado *d'ESCARNIO*. A peza, que se poderá escoitar a partir das 00.00 horas de mañá nas principais plataformas dixitais, “é un ritual para desfacerse da ira”.

Tal e como explican María SOA e Sara Faro, a súa nova creación, en cuxa produción tamén participan Mumbai Moon e Greta Ch'aska, “é unha sorte de cantiga actualizada que se sitúa entre a queixa satírica e un exercicio de autocrítica e introspección”. “*d'ESCARNIO* quere dar conta do proceso longo e complexo que supón abandonar a furia e os dixomedíxomes ata acadar un canto liberador; e que esixe recoñecer e nomear o dano para deixalo ir”, din.

A sutileza das melodías acústicas, a agresividade dos recursos do xénero industrial e as texturas etéreas que se dilúen entre os ritmos máis tribais, vencellados á raíz, ofrecen, como resultado, un tema de corte electrónico e compacto no que a ira se revela como un espazo de forza, mais tamén de vulnerabilidade.

d'ESCARNIO, o novo tema de Fillas de Cassandra, é unha das novidades que se pode escoitar nos directos da xira *Últimas Dionisiacas*, na que Sara Faro e María SOA revisitan os temas do seu disco *Acrópole* desde unha perspectiva máis electrónica e escura. Logo de visitar Marrocos e actuar o pasado sábado canda Ed Sheeran ou Bomba Estéreo no Gozo Festival, as artistas viguesas continuarán o seu periplo peninsular e formarán parte do cartel de citas de referencia, como é caso do Festival de Ortigueira, El Tingladu, Festival de la Luz ou Revenidas, entre outras moitas.

A música de Fillas de Cassandra, en Netflix

Alén da estrea este venres 12 do sinxelo *d'ESCARNIO*, a música de Fillas de Cassandra, está de actualidade nas plataformas audiovisuais. Se hai uns días *II. LISÍSTRATA (varre vasoira)* superaba o millón de reproducións en Spotify, ao éxito súmase tamén a difusión de ***canta miña sombra (negra sombra)***, por ser unha das pezas que se inclúen na **banda sonora de *Clanes***, a serie de Netflix que está acadar os primeiros postos en número de visualizacións en distintos países do mundo.

Vindeiras datas confirmadas das *Últimas Dionisiacas*

- 12 de xullo. Ortigueira. Festival de Ortigueira.
- 25 de xullo. O Rosal.
- 27 de xullo. Vilanova i la Geltrú. El Tingladu.
- 2 de agosto. Bueu. SonRías Baixas.
- 3 de agosto. Catoira. Festa Vikinga.
- 17 de agosto. Pontevedra. Festas da Peregrina.
- 19 de agosto. Pobra do Caramiñal.
- 21 de agosto. Ferrol. Festas San Roque.
- 23 ao 24 de agosto. Boimorto. Festival de la Luz.
- 30 de agosto. Pantón. 13 Roeis Fest.
- 30 de agosto ao 1 de setembro. Ponteceso. Festiletras.
- 13 de setembro. Vilaxoán. Festival Revenidas.

Escoita [*d'ESCARNIO*](#)

Descarga [aquí o kit de prensa](#) de Fillas de Cassandra

Contacto de prensa Fillas de Cassandra

Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es